



PROGRAMA NOVA OPORTUNIDADE - 2023

Axuda para as persoas traballadoras autónomas que cesaron na súa actividade e van volver emprender un negocio como persoas traballadoras autónomas



Persoas beneficiarias

- Persoas traballadoras autónomas ou que teñan sido autónomas con anterioridade que queiran volver emprender, e que cumpran cos seguintes requisitos:
- Ter causado alta no RETA ou noutro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional entre o 31 de outubro de 2022 e 30 de outubro de 2023.
 - Ter cotizado anteriormente polo menos 3 meses ininterrompidos no RETA ou noutro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade.
 - Estar inscrita como persoa demandante de emprego sen ocupación efectiva nos servizos públicos de emprego con carácter previo á nova alta.
 - Ter transcorrido un mínimo de 3 meses entre a nova alta e a anterior baixa.
 - Ter iniciada a actividade con anterioridade á presentación da solicitude da axuda.
- Persoas traballadoras autónomas que formen parte de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades sen personalidade xurídica de nova creación, sempre que as soliciten a título persoal e coa entidade xa constituída antes da presentación.

Quedan excluídas as persoas traballadoras beneficiarias desta axuda en convocatorias anteriores, as persoas autónomas que sexan membro de entidades de economía social, as administradoras que non acrediten a participación na empresa ou negocio e as persoas autónomas colaboradoras e os membros das sociedades mercantís e sociedades laborais.



PROGRAMA NOVA OPORTUNIDADE - 2023



Presentación da solicitude

- As solicitudes **presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica** a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- O prazo para a presentación da solicitude **rematará o 31 de outubro de 2023**.
- A presentación **supón a aceptación dos deberes** establecidos para **ser beneficiaria** e para a **aceptación da axuda**.
- **Só será válida unha solicitude por persoa**, entendéndose desistido da anterior presentada, de ser o caso.



Documentación complementaria

- Coa solicitude deberase achegar, entre outra, **a seguinte documentación**:
 - No caso das persoas autónomas, **modelo de alta no censo de obrigados tributarios** (modelo 036 ou 037).
 - No caso das persoas mutualistas, **certificado de baixa e do tempo que pasou en situación de mutualista e certificado da nova alta**.
 - **Documentación que acredite suficientemente a posta en marcha da actividade** (facturas da compra de maquinaria, do alugueiro, da compra de mercadorías, ...).
 - De ser o caso, **contrato ou documento da creación da comunidade de bens, sociedade civil ou entidade sen personalidade xurídica**.



Obrigas das persoas beneficiarias

- **Permanecer de alta** no RETA ou na mutualidade de colexio profesional durante un tempo mínimo de 12 meses desde a súa alta como persoa traballadora autónoma.
- **Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta** para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos.
- **Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social**, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- **Conservar os documentos xustificativos** da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, aos efectos das actuacións de comprobación e control.

Acceso á ficha da sede electrónica



VR 2405|2023

- Pulsa para acceder -